REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envio: 12/04/2019 13:03:47.578

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez** Pérez ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

Nas últimas semanas coñecíamos a ordenación dunha nova Instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) desde a Subdirección Xeral de Sanidade Exterior. Unha medida que provocou a paralización de contedores e o seu desvío a Portugal, reactivando a fuga de mercancías do porto de Vigo ao de Leixões.

O motivo é que esta Instrución impón máis trabas administrativas ás importacións de produto desde terceiros países e, en concreto, desde China, xa que recolle que o 100% das súas partidas terán que pasar por un proceso de verificación, no que se exixirá aos operadores que aporten unha copia dos certificados de captura para avalar que o peixe foi conxelado, procesado ou transportado a bordo de buques autorizados pola UE.

A comezos do mes de abril, os inspectores do Posto de Inspección Fronterizo de Vigo citáronse cunha ampla representación do sector para aclarar dúbidas sobre a Instrución. Neste encontro descubriron algunhas limitacións técnicas á hora de expedir os certificados sanitarios por parte dos terceiros países; motivación que levou á Subdirección a anular a IM/1/2019 e a substituíla pola IM/2/2019 nun breve prazo, sen informar como corresponde ao sector.

Con esta modificación, os buques, plantas procesadoras ou almacenes frigoríficos que traballen co produto importado deberán figurar na lista de establecementos autorizados a exportar os seus produtos á UE e que no caso de que só figure a autorización da planta ou establecemento de expedición no TRACES, os inspectores deberán solicitar ao interesado unha copia dos certificados de captura.
Desde este grupo parlamentario entendemos que a aplicación desta Instrución crea inseguridade xurídica, xa que instaura en España un rigor sen garantía de que, noutros países (como Portugal) resulte a mesma aplicación, xa que, polo momento, estes non requiriron aos seus postos de inspección transfronteriza un cumprimento tan estrito como o fai España.

Danos a sensación, e non é a primeira vez, que o goberno de Pedro Sánchez non coñece a realidade do noso sector, que goberna dándolle as costas ou, canto menos,

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROE4kPY6nak6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 12/04/2019 13:03:47.578

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

non lle interesa. Ignora, por tanto, os prexuízos que a aplicación desta Instrución lle causa. Unha cuestión fundamentada na propia reacción do sector a esta medida, quen a criticou con dureza, anunciou que exixirá dimisións, mostrou a súa desconformidade ante a eliminación do período transitorio de aplicación, non descartando tomar medidas.

Dende logo, este grupo parlamentario, igual que o propio sector, non entende a aplicación dunha Instrución que nos resta competitividade ante outros Estados Membros da UE. É por iso que nos sumamos ao que a Xunta de Galicia ten manifestado: a necesidade de garantir ao máximo o principio de seguridade xurídica, de maneira que o sector non quede á libre disposición dos aleatorios cambios de criterio que poidan producirse, senón que, desde o primeiro momento, teñan un escenario claro e preciso no que desenvolver a súa actividade, en liña co marco establecido para todos os Estados Membros da UE.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei en pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que demande do Goberno central a adopción de medidas efectivas para evitar restar competitividade ao sector galego e impedir o impacto negativo que a aplicación da instrución para a importación de pesca conxelada ou procesada (IM/1/2019) suporía para o porto de Vigo".

Santiago de Compostela, 12 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/04/2019 12:57:47

Teresa Egerique Mosquera na data 12/04/2019 12:58:11

María Ángeles Garcia Míguez na data 12/04/2019 12:58:26

Alberto Pazos Couñago na data 12/04/2019 12:58:35

Martín Fernández Prado na data 12/04/2019 12:58:47

Jaime Castiñeira Broz na data 12/04/2019 12:58:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROE4cPY6nak6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/04/2019 13:03:47
Nº Rexistro: 49121
Data envío: 12/04/2019 13:03:47.578

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Marta Rodriguez Arias na data 12/04/2019 12:59:07

María Soraya Salorio Porral na data 12/04/2019 12:59:22

Daniel Vega Pérez na data 12/04/2019 12:59:31

CSV: REXISTROE4cPY6nak6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050161) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 17:52:59
Nº Rexistro: 50161
Data envio: 27/05/2019 17:52:59.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei para debate en Pleno**, doc. núm. **49121 [10/PNP-003712]**, do Grupo Parlamentar Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019, incluída na orde do día da sesión plenaria convocada para o vindeiro 28 de maio de 2019.

Emenda de adición

Engadir o seguinte texto:

"Asemade, o parlamento insta á Xunta a demandar do goberno do Estado:

-A transferencia a Galiza dos portos de interese xeral en Galiza, e concretamente do Porto de Vigo.

-A recuperación dos postos de traballo eliminados no porto de Vigo por xubilacións, prexubilacións e falecemento.

- A creación unha Mesa de promoción, potenciación e relanzamento do Porto de Vigo (Mesa ProPorto de Vigo) na que estean presentes a Autoridade Portuaria, a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo, así como as organizacións sindicais e os principais sectores relacionados coa actividade económica portuaria, co obxectivo de impulsar as seguintes actuacións:

CSV: REXISTROpWcew31j38
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 17:52:59
Nº Rexistro: 50161
Data envio: 27/05/2019 17:52:59.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- A potenciación da actividade comercial e pesqueira, axilizando as tramitacións administrativas e sanitarias e mellorando a dotación de persoal.

- A promoción e potenciación da actividade do peirao de trasatlánticos."

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Deputado do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/05/2019 17:15:29

Ana Pontón Mondelo na data 27/05/2019 17:15:32

CSV: REXISTROpVlcew31j38
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050168) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 18:07:15
Nº Rexistro: 50168
Data envio: 27/05/2019 18:07:15.729

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co impacto que tería para a competitividade do sector pesqueiro galego e para o porto de Vigo a aplicación da Instrución da Subdirección Xeral de Sanidade Exterior para a importación de pesca conxelada ou procesada IM/1/2019 (doc. núm. 49121).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España a avaliación do impacto que a nova instrución IM/3/2019 para a importación de produtos da pesca conxelada ou procesada pode ter na actividade do porto de Vigo.

2. Consignar nos orzamentos para 2020, as contías suficientes para, en colaboración coa Zona Franca de Vigo e o porto de Vigo, poñer no mercado os espazos industriais demandados polo tecido económico na PLISAN no primeiro semestre deste ano.

3. Solicitar ao porto de Vigo o desenvolvemento dun novo plan estratéxico que lle permita competir en pé de igualdade co porto portugués de Leixões.

4. Solicitar ao porto de Vigo o arranxo e a remodelación das estruturas afectadas pola falta de conservación e mantemento no ámbito de competencia portuaria.

5. Solicitar ao porto de Vigo a rebaixa das súas taxas para que a descarga de peixe poda aumentar a súa competitividade nos mercados internacionais.

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2019

CSV: REXISTROO5UFFJF1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 18:07:15
Nº Rexistro: 50168
Data envío: 27/05/2019 18:07:15.729

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 27/05/2019 17:58:44

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/05/2019 17:58:51

CSV: REXISTROO5UIFUF1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.6 10/PNP-003730 (0049270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta Rodríguez Arias
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Raquel Arias Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Encarnación Amigo Díaz
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Ángeles García Míguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - María Soraya Salorio Porral
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Miguel Ángel Tellado Filgueira
Grupo Parlamentario Popular de Galicia - Sandra Vázquez Domínguez

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia

PARLAMENTO DE GALICIA

(0049270) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envio: 17/04/2019 14:20:30.027

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Rodríguez Arias, Raquel Arias Rodríguez, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno.**

Exposición de motivos

A Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas recolle as novas categorías en que se clasifican as familias numerosas en España: xeral e especial, como consecuencia da baixa natalidade que presenta o noso país, e que aconsella agrupar, por unha banda, ás familias numerosas con menos de cinco fillos e, por outra, ás que teñen cinco ou máis de cinco fillos. Por outra banda, introducíronse tamén algúns criterios cualitativos para clasificar ás familias: a condición de discapacidade dos fillos, a renda per cápita familiar e o feito dos partos, adopcións ou acollementos múltiples.

Dentro dos diversos modelos familiares, as familias numerosas presentan unha problemática particular polo alto custe que representa para elas o coidado e educación dos fillos e fillas, ou o acceso a una vivenda adecuada ás súas necesidades. Estas circunstancias poden chegar a implicar unha diferenza importante con respecto a outras familias que teñen menos fillos ou simplemente non os teñen.

A citada lei estatal sinala que para poder recoñecer e manter a condición de familia numerosa, os fillos deben ser menores de 21 anos, ou ser discapacitados ou estar incapacitados para traballar, calquera que fose a súa idade -o límite de idade ampliase ata os 25 anos, cando os fillos cursan estudos adecuados á súa idade e titulación ou encamiñados á obter un posto de traballo– deben convivir co ascendente ou ascendentes e depender economicamente deles.

A lei sufriu unha reforma no ano 2015 para seguir mantendo os efectos do título oficial de familia numerosa cando os irmáns maiores van deixando de cumprir os requisitos. Sen embargo, debido a unha interpretación restritiva do articulado levado a cabo polo goberno central, aínda que a condición de familia numerosa se mantén, a categoría de “especial” desaparece.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROZHF7JZzmj2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envío: 17/04/2019 14:20:30.027

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

No caso de Galicia, as familias numerosas especiais, que no ano 2018 eran máis de 2.200, están a ver que cando o fillo ou filla maior alcanza os 21 anos – ou os 25 se cursan estudos superiores - perden automaticamente a condición de especiais e pasan a ser consideradas como xerais.

Esta situación está a xerar unha discriminación no seo destas familias, que ven con impotencia como os irmáns menores que xeraron o dereito a ese título de familia numerosa de categoría especial, logo non poden gozar deses beneficios que o título lles confire.

A Xunta de Galicia reclamou en múltiples ocasións aclaracións sobre a norma ao Goberno central, único competente para lexislar a normativa sobre familias numerosas. A resposta recibida por parte do Goberno central sempre foi a mesma, a esixencia dunha "estrita e literal interpretación da norma", non dando lugar a unha interpretación máis flexible, tal e como sempre se reclamou dende a Xunta.

Ante esta inmobilidade do Goberno central, xorden sentenzas que camiñan en sentido contrario ao recomendado polo Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social. Así temos as recentes sentenzas do Xulgado contencioso-administrativo número 1 de Vigo, a do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, ou a sentenza da sala terceira do Tribunal Supremo ante un recurso de casación interposto pola Junta de Andalucía, onde o alto tribunal aclara a interpretación do artigo 6 da lei 40/2003, citando que nestes casos non só se debe manter o título senón tamén debe respectarse a categoría. Mesmo hai unha recomendación do Defensor del Pueblo apoiando unha interpretación flexible da lei.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia:

1. A que en Galicia se manteña a condición de familia numerosa de tipo especial mentres un dos fillos cumpra as condicións de idade, convivencia e dependencia dos pais que esixe a lei, na liña das últimas sentenzas xudiciais e de acordo á recomendación do Defensor del Pueblo.

2. A dirixirse ao Goberno de España para que modifique a súa recomendación na materia, para recuperar a homoxeneidade a nivel nacional en beneficio das familias numerosas de tipo especial e adecuarse ao que veñen expresando os tribunais".

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: REXISTROZ=F7JZZm2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/04/2019 10:00:00
Nº Rexistro: 49270
Data envío: 17/04/2019 14:20:30.027

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

Santiago de Compostela, 17 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/04/2019 14:18:25

Marta Rodriguez Arias na data 17/04/2019 14:18:34

Raquel Arias Rodríguez na data 17/04/2019 14:18:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/04/2019 14:18:49

María Ángeles Garcia Míguez na data 17/04/2019 14:18:55

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 17/04/2019 14:19:02

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 17/04/2019 14:19:08

María Soraya Salorio Porral na data 17/04/2019 14:19:17

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/04/2019 14:19:23

Sandra Vázquez Dominguez na data 17/04/2019 14:19:31

CSV: REXISTROZ-F7JZZm2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050166) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 18:06:43
Nº Rexistro: 50166
Data envio: 27/05/2019 18:06:43.462

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada, Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos requisitos exixidos para o mantemento en Galicia da condición de familia numerosa de tipo especial, así como coa recomendación realizada polo Goberno central na materia (doc. núm. 49270).

Emenda de modificación

A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que:

1º) No ámbito das súas competencias, en canto ás axudas dependentes da Administración autonómica, considere familia numerosa especial a aquelas familias con catro ou máis fillos ou fillas; así como que garanta o tratamento de familia numerosa tamén para as monomarentais con dous fillos ou fillas ou máis.

2º) Solicitar do Goberno de España que remita ao Congreso unha lei de familias, que contemple todas as tipoloxías de familias.

a) Nesta lei modificarase a consideración de familia numerosa especial para que podan adquirila as familias con catro ou máis fillos ou fillas e recollerase a consideración de familia numerosa tamén para familias monomarentais con dous fillos ou fillas ou máis.

b) A que mentres non se elabore e aprobe esta nova lei, se realice unha valoración da situación das familias numerosas de tipo especial que contemple unha interpretación flexible da lei.

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 27/05/2019 18:03:09

CSV: REXISTROBKwxt2ozO0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 18:06:43
Nº Rexistro: 50166
Data envío: 27/05/2019 18:06:43.462

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/05/2019 18:03:20

CSV: REXISTROBKwx2zcO0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.7 10/PNP-003766 (0049733)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - María Dolores Toja Suárez
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia - Patricia Otero Rodríguez

Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

PARLAMENTO DE GALICIA

(0049733) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:06:28
Nº Rexistro: 49733
Data envío: 08/05/2019 18:06:28.177

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas, María Dolores Toja Suárez e Patricia Otero Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

De acordo cos datos do Instituto Galego de Estatística, e en relación cos permisos de marisqueo, lonxe estamos dos 4.281 permisos cos que contaba Galicia no ano 2009, dos cales, os homes eran 394, e mulleres 3.887. Ao rematar o ano 2018 tan só quedaban 3.792 permisos totais, e aínda que os permisos para os homes se triplicaron, foron as mulleres as que sufriron a maior redución de permisos, pasando de 3.887 no ano 2009 a unicamente 2.722 no ano 2018.

Está claro que a política seguida pola Xunta en canto á xestión de permisos non está resultando produtiva, e as grandes prexudicadas desta falta de xestión son as mulleres.

Os plans de formación para os traballadores e traballadoras do mar constitúen un elemento fundamental para o avance e a mellora dun sector prioritario en Galicia pola súa relevancia social e económica. Dentro destes plans, os cursos de formación para a obtención do Permex son unha ferramenta que, máis alá do plano formativo, contribúe a regular e normalizar a profesión, a controlar os procesos e evolución medioambiental e de recursos, mellorar a calidade do traballo e contribuír á dinamización laboral baseada no sector do mar, en concreto ao marisqueiro.

Por iso o desenvolvemento de accións formativas para a obtención do Permex supón unha decisión con forte interese no sector. Como é natural a planificación e convocatoria dos cursos, así como o seu desenvolvemento, é necesario que sexa realizada con claridade e atendendo ás necesidades establecidas.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a levar a cabo, nesta lexislatura, un plan de recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino.

CSV: REXISTROAsuKw4Sqw3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2019 18:06:28
Nº Rexistro: 49733
Data envío: 08/05/2019 18:06:28.177

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Pazo do Parlamento, 8 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 08/05/2019 17:03:01

Patricia Otero Rodríguez na data 08/05/2019 17:03:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/05/2019 17:03:23

CSV: REXISTROAsUKw4Sqv3
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050167) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 18:07:01
Nº Rexistro: 50167
Data envio: 27/05/2019 18:07:01.307

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte emenda á Proposición non de lei en Pleno do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia , (10/PNP-03766(49733)), Sobre o desenvolvemento polo Goberno galego, na décima lexislatura, dun plan de recuperación de permisos de explotación marisqueira especialmente orientado ao sector feminino

Emenda de substitución

Débese substituír o texto da parte resolutiva, polo que segue a continuación:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a levar a cabo a implementación do Plan de Acción do Marisqueo Galicia 2030, co obxectivo de garantir a explotación sostible e conservación dos recursos marisqueiros, integrando aspectos biolóxicos, sociais, de emprego, económicos e medioambientais, co que se leve desde esta lexislatura e en adiante, unha recuperación de permisos de marisqueo, especialmente orientado ao sector feminino, e no que se inclúan, previo proceso de decisión mediante a cogobernanza co sector, as medidas a implantar e as mellores fórmulas de xestión para acadar unha recuperación progresiva de permex."

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2019

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 27/05/2019 18:06:23

Pedro Puy Fraga na data 27/05/2019 18:06:30

CSV: REXISTROyOUDycm106
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO
DE GALICIA

4.8 10/PNP-003774 (0049806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - María Montserrat Prado Cores
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Xosé Luís Bará Torres
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Ana Belén Pontón Mondelo
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - José Luis Rivas Cruz
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Olalla Rodil Fernández
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego - Noa Presas Bergantiños

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre

PARLAMENTO DE GALICIA

(0049806) Entrada da iniciativa

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envio: 09/05/2019 17:43:37.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa á necesidade de modificar o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre que ven de facer público o 061.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, dependente do Sergas, ven de facer público o concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre.

Ao coñecer os datos deste concurso volven saltar as alarmas, o malestar e a preocupación porque o transporte sanitario urxente é un servizo vital, e todo fai indicar que o Goberno galego segue a optar por un modelo de xestión que mercantiliza a saúde, significa recortes na prestación do servizo e as condicións laborais dos traballadores.

O BNG lamenta que de novo a maior puntuación para conceder o servizo sexan as ofertas económicas en lugar de melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación.

O concurso público presentado non soluciona os problemas do servizo, non atende as demandas que se veñen realizando tanto pola cidadanía como d@s

CSV: REXISTROHwKNvrfNx6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

profesionais, non vai rematar cos déficits históricos que colapsan o servizo por falta de vehículos e equipos humanos suficientes, xa que neste novo concurso elimínanse recursos e dispositivos existentes e non se contemplan demandas de ampliación tanto en ambulancias medicalizadas (Valdeorras, Bergantiños, Baixo Miño...) nin básicas.

Se ben se contemplan dúas novas ambulancias medicalizadas (ASVA), unha para a comarca do Salnés e outra para Monforte, atopámonos con que reducen persoal, pasando de catro traballadores/as (dous técnicos/as, un médico/a e un enfermeiro/a) a tres (un técnico, un médico/ e un enfermeiro/a.

Outra das novidades é a creación dun híbrido entre a ambulancia medicalizada e a básica, de xeito que só vai estar dotada cun/cunha técnic@ e profesional de enfermería, e reducindo persoal, e polo tanto capacidade de actuación diante dunha emerxencia.

Ningunha destas medidas ten xustificación desde o punto de vista asistencial, só responde a criterios económicos de recorte.

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que paralice o concurso realizado pola Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre e modifique o mesmo introducindo como mínimos seguintes:

CSV: REXISTROHwKNvfNlx6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Modificar os criterios de valoración, de feito que sexan as melloras en vehículos, materiais e persoal destinadas a prestar unha mellor prestación, as que se lle adxudique maior puntuación, na vez da oferta económica.

2.- Dotación de todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) cos equipos profesionais que viñan tendo até o de agora: dous técnic@s, 1 persoal de enfermería 1 persoal facultativo.

3.- Non eliminar ningún dos recursos xa existentes nesta momento.

4.- Ampliar as ambulancias que se veñen demandando de xeito constante pola poboación e @s profesionais: tanto as de soporte vital básico, como as de soporte vital avanzado (ASVA) en Valdeorras, Baixo Miño, Bergantiños."

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Luis Bará Torres
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputados do G.P. do BNG
Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

CSV: REXISTROHwKNvfNlx6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/05/2019 17:43:37
Nº Rexistro: 49806
Data envío: 09/05/2019 17:43:37.722

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/05/2019 16:53:58

Ana Pontón Mondelo na data 09/05/2019 16:54:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 09/05/2019 16:54:04

Olalla Rodil Fernández na data 09/05/2019 16:54:05

Noa Presas Bergantiños na data 09/05/2019 16:54:06

Xosé Luis Bará Torres na data 09/05/2019 16:54:08

CSV: REXISTROHwKNvfNlx6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

(0050160) Emendas dos Grupos Parlamentarios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/05/2019 17:50:47
Nº Rexistro: 50160
Data envio: 27/05/2019 17:50:47.373

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa do seu deputado **Julio Torrado Quintela,** a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda** á **Proposición non de lei** do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co concurso convocado para adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre. doc. núm. 49806 (10/PNP-003774).

Emenda de modificación

"O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a realizar un estudio en profundidade da viabilidade de reverter o servizo de transporte sanitario á xestión pública directa, co obxectivo de mellorar en vehículos, materiais e persoal, dotando a todas as ambulancias medicalizadas (ASVA) do equipos profesionais completos e ampliando a dotación de ambulancias en función da demanda."

Pazo do Parlamento, 27 de maio de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/05/2019 17:47:08

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/05/2019 17:47:16

CSV: REXISTRODREGISIF1
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es